

**CARPETA DE AULA DE 2º DE EDUCACIÓN PRIMARIA
(Adaptación ao centro de Materiais da UVIC)**

CEIP PLURILINGÜE de LEIRADO

ANÁLISE DA COHESIÓN DO GRUPO-CLASE e DINÁMICAS

(Decisións con relación ao Ámbito A: DIMENSIÓNS SOBRE AS QUE IMOS INTERVIR)

		Ocorre		Dinámica proposta	Cando?/Onde?/ Quen?	Valoración
		SI	NON			
1	O nivel de participación do alumnado é moi diferente? <i>Mentres uns son moi extrovertid@s e participan moito e incluso tenden a monopolizar as intervencións e a impoñer os seus puntos de vista, outros son máis introvertid@s e cústalles moito participar, e os demais apenas teñen en conta o seu punto de vista?....</i> <i>Dimensión: Participación e consenso.</i>	x		Tea de araña A maleta	A inicio de curso Todo o alumnado.	Moi positiva.
2	Hai sempre unha boa relación entre o alumnado? <i>Coñécense pouco entre eles?, Algúns séntense marxina@s, excluíd@s, non suficientemente valorad@s...?, Hai tensións entre os alumn@s do grupo?....</i> <i>Dimensión: Coñecemento mutuo e interacción entre o alumnado.</i>		x	Mundo de cores	Inicio 2º trimestre	Moi boa.
3	O alumnado corrente e o alumnado con algunha discapacidade relaciónanse pouco? <i>Os primeir@s deixan de lado ós segund@s e algúns incluso se burlan deles?...</i> <i>Dimensión: Coñecemento mutuo e interacción entre o alumnado corrente e o integrado.</i>		x			
4	Entre o alumnado predominan actitudes individualistas (cada un vai ó seu) e/ou competitivas (rivalizan entre eles para ser o mellor da clase)? <i>A algúns agrádalles traballar en equipo só para aproveitarse d@s demais?, Outros rexéitanos porque non queren que ningún se aproveite do seu traballo?, Algúns prefiren traballar sos antes que facelo en equipo?...</i> <i>Dimensión: Importancia e eficacia do traballo en equipo</i>		x	Puzles de adiviñas	Mediados do 1º trimestre.	Positiva.
5	En xeral, o alumnado non valora o traballo en equipo? <i>Non dan importancia a valores como a solidariedade, a axuda mutua, o respecto polas diferenzas?, É difícil que se sintan responsables da aprendizaxe dos compañeir@s?, Custa conseguir que se axuden uns a outros a aprender os contidos das distintas áreas?...</i> <i>Dimensión: Desenvolvemento da solidariedade e da convivencia.</i>		x	Branco e diana.	Mediados do 2º trimestre.	Moi boa.
Valoración: Que dinámicas de grupo, como e cando, debemos manter ou mellorar de cara á seguinte tarefa integrada... Facer dinámicas de coñecemento mutuo e interacción co alumnado para conseguir un ambiente óptimo para iniciar o traballo en equipo						

ESTRUTURAS A EMPREGADAS EN ACTIVIDADES REGULARES E TAREFAS INTEGRADAS/ PEQUENOS PROXECTOS

(Decisións con relación ao Ámbito B)

Actividades regulares (lectura, problemas, resumos...)	Estrutura/s a aplicar	Avaliación
<i>Matemáticas: Resolución de problemas de sumar e restar.</i>	<i>Lapis ao centro</i>	<i>Moi positiva, o alumnado prefire facer este tipo de traballo en equipo porque lle axudan coas dúbidas e inseguridades e aprenden a razoar e explicar as súas conclusións.</i>
<i>Ciencias naturais e ciencias sociais: Actividades finais de repaso de cada tema.</i>	<i>Lapis ao centro</i>	<i>Moi boa. Os alumnos elixen esta forma de repasar o tema e poñer en común o aprendido.</i>
<i>Lingua: Xogos con tarxetas de ortografía.</i>	<i>Folio xiratorio</i>	<i>Moi boa. Gústalles facer esta estrutura xa que mentres un alumno escolle 1 tarxeta e a coloca no lugar adecuado, os compañeiros teñen que estar atentos para axudar e corrixir se fai falta.</i>

Tarefa Integrada/ Pequeno proxecto	Título: 1º TRIMESTRE Percorrendo Europa	Inicio ¹ : setembro 2021	Final: decembro 2021
Área/as ² :	Lingua castelá, lingua galega, ciencias naturais, ciencias sociais, educación artística (música e plástica).		
Profesor/a/ores/as:	Titora de 2º de primaria: Elena Zúñiga Rial.		
Técnica ³ :	Estruturas:	Finalidade:	
	Folio xiratorio	Coñecer ideas previas e comprobar a comprensión dun tema.	
	Lapis ao centro	Resolver problemas, exercicios.	
Valoración: Que estruturas cooperativas, como e cando, debemos manter ou mellorar de cara á seguinte tarefa integrada/ pequeno proxecto	Seguir insistindo nas dinámicas que amosen a importancia do traballo en equipo amosando a súa eficacia. De cara ao vindeiro curso escolar manter as estruturas traballadas e introducir algunha estrutura nova.		

¹ Cando se levará a cabo este proxecto/tarefa.

² Áreas do proxecto/tarefa: lingua, coñecemento do medio (ou ciencias sociais), educación plástica...

³ Grupos de Investigación (GI), Crebacabezas, TGT...

Tarefa Integrada/ Pequeno proxecto	Título: 2º TRIMESTRE Visitamos Bélxica e preparamos gofres.	Inicio ⁴ : febreiro	Final: abril
Área/as ⁵ :	Lingua galega, ciencias sociais, matemáticas e ed. Artística (plástica)		
Profesor/a/ores/as:	Elena Zúñiga Rial		
Técnica ⁶ :	Folio xiratorio	Escribir a lista da compra.	
	Lapis ao centro	Comprobar prezos dos ingredientes e calcular o diñeiro necesario	
Valoración: Que estruturas cooperativas, como e cando, debemos manter ou mellorar de cara á seguinte tarefa integrada/ pequeno proxecto		Manter as estruturas traballadas xa que son moi motivadoras para o alumnado. Engadir algunha nova para o seguinte curso escolar.	

⁴ Cando se levará a cabo este proxecto/tarefa.

⁵ Áreas do proxecto/tarefa: lingua, coñecemento do medio (ou ciencias sociais), educación plástica...

⁶ Grupos de Investigación (GI), Crebacabezas, TGT...

(Decisións en relación ao Ámbito C)**1. Formamos os equipos: Que cargos e funcións en cada equipo?**

Cargo:	Funcións:
Coordinador/a	Explica e lembra normas, funcionamento e obxectivos.
Secretario/a	Coida do plan, redacta e asina en nome do equipo.
Voceiro/a	Fala en nome do equipo
Encargado/a material	Coida e reparte materiais e fai recados

2. Iniciamos os Plans de Equipo:

- Modelo de Plan do Equipo e de Caderno do Equipo que utilizaremos: Plan de equipo de centro
- Plan de Equipo: duración, compromisos, obxectivos...: Trimestral con rotación de cargos.
- Como distribuímos os Diarios de Sesións?: Dous por Plan de Equipo.
- Avaliación do Plan de Equipo: Despois dos dous diarios de sesión.

3. Como foi o funcionamento dos equipos?

O funcionamento dos equipos foi bo en xeral.

O máis difícil foi chegar a acordos e o cumprimento das funcións dos cargos. Sen embargo tiveron presente o cumprimento dos compromisos que estableceron nos plans.

Valoración: Que aspectos do Plan do Equipo, como e cando, debemos... manter e/ou mellorar de cara á seguinte tarefa integrada/pequeno proxecto.

Introducir de cara ao vindeiro curso escolar dinámicas que faciliten a inclusión dos compañeiros con máis dificultades potenciando o coñecemento mutuo. Seguir insistindo nas dinámicas que amosen a importancia do traballo en equipo amosando a súa eficacia.

De cara ao vindeiro curso escolar manter as estruturas traballadas e introducir algunha estrutura complexa.

DINÁMICA:

TEA DE ARAÑA

Obxectivos prioritarios <i>- Introducir o aprendizaxe cooperativa.</i> <i>- Favorecer a interrelación, o coñecemento mutuo e a distensión dentro do grupo.</i> <i>- Colaborar entre si.</i>	Material <i>Ovillo de lá.</i> Organización do tempo <i>Durante o tempo que dura unha sesión.</i>
Descrición da Dinámica Indicaranse: ☉ As Tarefas <i>O alumnado colocárase na alfombra da aula, formando un círculo. Cada alumno/a se presentará e contará algo que lle guste para que os demais poidan coñecerlo un pouco máis mentres suxeita o ovillo de lá.</i> ☉ Consigna: <i>Cando o alumno/a remate a súa intervención, pasará o ovillo que tiña suxeito a outro compañeiro, quedándose el suxeitando o inicio do ovillo, par, pouco a pouco, ir construindo a tea de araña.</i> ☉ Intervención de regulación da actividade: <i>recordar que non vale pasar o ovillo de lá a un compañeiro/a que esté ao lado, para que así se poida formar a tea de araña de maneira correcta.</i>	
Avaliación da Dinámica <i>Valorarase o respecto das quendas de palabra, o respecto aos compañeiros que toman a palabra e a colaboración entre si para que se forme a tea de araña.</i> <i>Destacamos tamén que formamos un grupo no que a colaboración é necesaria, que todos somos importantes para suxeitala porque se alguén solta a tea, esta caerá</i>	
Ampliación e xeneralización <i>Se resultou ben a actividade, pódese facer de forma inversa: para desfacer a tea de araña temos que dicir o nome do compañeiro ao que lle pasamos o ovillo e recordar a frase que el dixo anteriormente.</i>	

Contidos prioritarios <i>Usámola para a resolución de problemas de sumas e restas na área de matemáticas.</i>	Proxecto /Unidade Didáctica <i>Resolución de problemas de sumas e restas.</i> Área/s <i>Matemáticas.</i> Organización do tempo <i>Durante o tempo que dure a sesión, teñen que resolver 1 problema por cada membro do equipo.</i>
Descrición da Estrutura ☉ As Tarefas: <i>cada membro do equipo faise responsable dun problema matemático, que terá que ler e explicar aos compañeiros mentres os lapis estean no centro da mesa. Logo da lectura, entre todos debaten e deciden cómo se vai resolver o problema. Cando o teñan decidido, collen os lapis do centro e, en silencio, fan as operacións acordadas para resolver o exercicio.</i> ☉ Consigna: <i>Cando os lapis estean no centro da mesa, quen dirixe a actividade é o neno/a que ten a quenda de palabra. Cando os lapis estean nas mans, non se pode falar e o traballo convertese en individual ata que os lapis volvan a estar no centro. Se teñen dúbidas, levantan a man para que a mestra axude.</i> ☉ Intervención de regulación da actividade: <i>Antes de resolver o problema, teñen que rodear os datos de azul e a pregunta de vermello. Logo, analizar moi ben cal é a pregunta e se teñen dúbidas, facer un debuxo que axude á comprensión do problema.</i> ☉ Avaliación da aprendizaxe do alumnado: <i>Ao rematar os problemas, comparar os resultados entre o equipo. Logo comparar os resultados co resto dos equipos da aula. Preguntar sobre as dificultades xurdidas e cómo resolvelas.</i>	
Avaliación da Estrutura: <i>Valorarase o respecto das quendas de palabra, a posta en común do problema, a toma de decisións en equipo.</i>	
Ampliación e xeneralización <i>Propostas para aplicar esta estrutura noutras actividades e noutras asignaturas.</i>	

ADAPTACIÓN DA AC PARA O EQUIPO CO ALUMNADO CON MÁIS BARREIRAS PARA A APRENDIZAXE:

Autoinforme : Adaptación dunha estrutura para o equipo con un alumno/a con barreiras para a aprendizaxe

Profesor/Profesora	Elena Zúñiga Rial
Centro	CEIP de Leirado
Curso e Grupo	2º de primaria
Área	Matemáticas.
Unidade Didáctica	Resolución de problemas de sumas e restas.

Descrición da actividade e situación na secuencia didáctica da Unidade de Aprendizaxe/tarefa

Cada membro do equipo faise responsable dun problema matemático, que terá que ler e explicar aos compañeiros mentres os lapis estean no centro da mesa. Logo da lectura, entre todos debaten e deciden cómo se vai resolver o problema. Cando o teñan decidido, collen os lapis do centro e, en silencio, fan as operacións acordadas para resolver o exercicio.

Esta actividade se realizará cando no libro de texto apareza o apartado adicado aos problemas de sumas e restas.

Estrutura empregada	Lapis ao centro
----------------------------	-----------------

Adaptación da estrutura

a) Características do equipo, barreiras do alumno/a e tipo de adaptación

Equipo formado por tres membros, un deles con TEA.

Actividade situada no nivel medio de adaptación (mesmo contido, distinta competencia):

Os distintos membros do equipo van a realizar a mesma tarefa, pero o alumnado con dificultades, terá a axuda da mestra de apoio quen lerá con el o problema e o guiará para a súa participación na actividade.

b) Descrición da actividade adaptada indicando a acción concreta que debe realizar cada un dos membros do equipo:

A actividade consiste en resolver un problema matemático por cada membro do equipo. O alumno/a que comeza, lerá o problema para todo o equipo, logo explicará o problema coas súas palabras, indicará cales son os datos e cal é a pregunta e entre todos decidirán se hai que sumar ou restar para resolvelo. Cando o teñan claro, collerán os lapis do centro e, de forma individual, resolverán o exercicio.

Cando sexa a quenda do alumnado con barreiras, a mestra de apoio lerá o problema con el e axudarlle a razoar (buscar os datos, a pregunta, pensar como se resolve, etc).

c) Apoio proporcionado por o mestre/a (de área ou de apoio)

- Previo á realización da estrutura

A mestra de apoio prepara a tarefa co alumno con barreiras, traballando a resolución de problemas de forma individual, antes de facela en equipo.

- Durante a realización da estrutura

A mestra de apoio guía a actividade, recordándolle ao alumno con barreiras o que ten que facer en cada momento, para que estivera pendente da súa quenda e axudándolle a ler xa que ten dificultades coa lectura tamén.

d) Apoio do resto de compañeiros/as do equipo para o desenvolvemento da estrutura

Durante o desenvolvemento da estrutura, os compañeiros recordábanlle cando era a súa quenda e axúdanlle a buscar os datos e a pregunta no problema, a colocar os números e a facer as sumas ou as restas.

Valoración da estrutura aplicada (Dificultades, aspectos positivos, dúbidas...):

Neste caso a aplicación da estrutura “lapis ao centro” con este alumno foi positiva.

Serviu de gran axuda presentarlle a tarefa con anterioridade e a nivel individual para que logo, ao pasar a realizar a actividade en grupo cooperativo, coñecera o funcionamento.

Intentarase nas próximas sesións que haxa menos apoio por parte do mestre e máis apoio dos compañeiros de equipo.

ANEXOS:









Adaptación dunha estrutura para o equipo con un alumno/a con barreiras para a aprendizaxe:



Cadernos de equipo:



PLAN DE EQUIPO

Obxectivos: - Progresar nas aprendizaxes.
- Axudarnos uns ós outros.

TAREFA OU TEMA A TRABALLAR:

--

COMPOÑENTES E CARGOS:

	Funcións	Persoas
Voceiro/Voceira	Falar en nome do equipo e representalo, colocar mesas e coidar o material	
Mandarete de Voz	Coidar que o equipo manteña un ton de voz e comportamento adecuados	
Coordinadora/Coordinador	Preocuparse polo cumprimento das normas e obxectivos	

COMPOÑENTES E COMPROMISOS PERSOAIS:

Persoas	Compromiso
UXÍA ♡ ♡ ☆	non falar moito alto co equipo
Amália	non chilear moito a profe.
Doris	

EQUIPO: cello unicornio DATA: 17-3-21

SUMA	TOTAL	SE LEE:
800 + 90 + 7	897	ochocientos noventa y siete
200 + 10 + 9	219	doscientos diecinueve
300 + 50 + 5	355	trescientos cincuenta y cinco
000 + 00 + 2	002	dos
700 + 00 + 9	709	setecientos nueve
100 + 60 + 3	163	ciento sesenta y tres
..... + +		
..... + +		
..... + +		
..... + +		

CADERNO DE EQUIPO

Equipo: o equipo da sorte



....º de Primaria

20....-20....

PLAN DE EQUIPO

Obxectivos: - Progresar nas aprendizaxes.
- Axudarnos uns ós outros.

TAREFA OU TEMA A TRABALLAR:

--

COMPOÑENTES E CARGOS:

	Funcións	Persoas
Voceiro/Voceira	Falar en nome do equipo e representalo, colocar mesas e coidar o material	
Mandarete de Voz	Coidar que o equipo manteña un ton de voz e comportamento adecuados	
Coordinadora/Coordinador	Preocuparse polo cumprimento das normas e obxectivos	

COMPOÑENTES E COMPROMISOS PERSOAIS:

Persoas	Compromiso
Sergio	no hablar cando se traballa
MATRA	A axudar aos demais.
Inés	non dis cutir.
Dani	axuda a mesa.

DIARIO DE SESIÓN

Data	Que acabamos de facer?
17-3-22	Sumas .
ESTRUCTURA/ DINÁMICA	Folio xiratoiro.

Que foi o que fixemos especialmente ben?

axudarnos

En que ten que mellorar o equipo?

boz boixa

Como o imos facer?

boi xando a boz

Asinado o Voceiro ou a Voceira


~~Ines~~ ~~Sergio~~ ~~MATRA~~ ~~Manolo~~

ELENA

Leo

CADERNO DE EQUIPO

Equipo: *dragonia*



2.º de Primaria

20....-20....

PLAN DE EQUIPO

Obxectivos: - Progresar nas aprendizaxes.
- Axudarnos uns ós outros.

TAREFA OU TEMA A TRABALLAR:

estudar e colaborar.

COMPONENTES E CARGOS:

	Funcións	Persoas
Voceiro/Voceira	Falar en nome do equipo e representalo, colocar mesas e coidar o material	
Mandarete de Voz	Coidar que o equipo manteña un ton de voz e comportamento adecuados	
Coordinadora/Coordinador	Preocuparse polo cumprimento das normas e obxectivos	

COMPONENTES E COMPROMISOS PERSOAIS:

Persoas	Compromiso
Elena 	estar atenta e colabora.
Leo 	non distraerse
Mateo	traballar